

BLOQUE 2. NACIMIENTO DA TRADIÇÃO ARTÍSTICA OCCIDENTAL: A ARTE MEDIEVA

TEMA 5.- O PRERROMÁNICO ESPAÑOL: VISIGODA, ASTURIANA E MOZÁRABE



A arte visigoda

..Contexto histórico . .O prerrománico na península ibérica: arte visigoda

OBRAS:

- Santa Comba de Bande.....apuntes

A arte asturiana

Contexto. Caracteres arquitectura

OBRAS:

- Santa María do Naranco

A arte mozárabe

Contexto. Arquitectura mozárabe

OBRAS:

- San Miguel de Celanova

A ARTE PRERROMÁNICA . CONTEXTO

(Válido para as tres. Isto implica que este párrafo hai que poñelo no contexto da visigoda, da asturiana e da mozárabe)

A arte Prerrománica **sitúase entre a caída do Imperio romano de Occidente no século V e o século XI**. É unha etapa na que **algún dos pobos xermánicos, se consolida como estado independente** en Occidente. A importancia da arte prerrománica está en que **vai por as bases do que logo será a arte románica**.

A arte prerrománica é o resultado **dunha fusión entre:**

- ✓ Influencia **grecorromana**
- ✓ Influencia oriental a través de Bizancio
- ✓ Influencia do **cristianismo**
- ✓ Elementos propios **dos pobos xermánicos**

Na península podemos dividir a arte prerrománica en tres etapas: **visigoda:** séculos V ao VII, **asturiana ou ramiriense:** séculos IX ao X e **mozárabe:** século X,XI

OS VISIGODOS

Son un dos pobos xermánicos que entraron na península

- ✓ **Entraron** na península (509)
- ✓ Aquí **asentáronse**
- ✓ Foi un dos pobos máis romanizados (dos máis cultos).
- ✓ Crearon o primeiro estado independente da península: o reino visigodo e establecen a súa capital en Toledo

Os visigodos lograron interesantes resultados na arte en relación aos outros pobos bárbaros.

Na súa actividade artística podemos establecer **dúas etapas:**

1. a arte feita **antes de Recaredo**
2. e a arte feita cando se produce a **conversión de Recaredo ao cristianismo (587)**. A esta etapa pertence a maioría dos monumentos visigodos, que son construcións relixiosas. En arquitectura **non teñen tradición** así que farán obras de pequeno tamaño, no medio rural, con formas cúbicas e en pedra como material fundamental. Todo isto podemos apreciarlo na obra a comentar.

Neste cadro resúmense as aportacións principais como son :

- ✓ **arco de ferradura**
- ✓ **ou os edificios macizos.**

(ler este cadro e empregar se hai tempo. Fíxate que son caracteres que xa vemos na obra así que non é necesario poñelos)

elementos constructivos	plantas	decoración
<p>arco de ferradura (máis aberto que o musulmán)</p> <p>Edificios nos que predomina o muro</p> <p>Bóvedas de medio canón ou arista</p>	<p>Basilicais de unha ou tres naves)</p> <p>De cruz grega inscrita en rectángulo</p> <p>Fusion de ambas</p>	<p>é escasa</p> <p>con motivos vexetais ou xeométricos en frisos ou capiteis.</p> <p>destacaron en traballos de ouvería como as coronas votivas ou fíbulas feitos con pedras semipreciosas e incrustacións</p>

As principais obras arquitectónicas **consérvanse na parte norte** da península e son:

- *San Xoán de Baños* en Palencia
- *San Frutuoso de Montelius* en Portugal
- *Santa Comba de Bande* en Ourense
- *San Pedro de la Nave* en Zamora
- *Quintanilla de las Viñas* en Burgos

COMENTARIO

OBRA: Santa Comba de Bande

AUTOR: descoñecido

CRONOLOXIA: século VII (675)

ESTILO: arquitectura hispanovisigoda en Galicia

UBICACIÓN: Bande, sur provincia de Ourense



É un dos **escasos exemplos** de arte visigoda en Galicia.

É unha igrexa que probablemente formase parte dun **pequeno mosteiro**.

Áchase situada na **antiga Galaecia**.

Foi un edificio abandonado trala conquista árabe e **reconstruído**, que se mantén nun moi bo estado de conservación.

É unha obra cun traballo realizado por unha **man de obra pouco cualificada**.


Material: pedra, **sillares graníticos, ben labrada**, colocado á **oso e con engastallos** (pezas en ángulos) que lle dá un aspecto macizo. Facilita que **non haxa contrafortes**.

Exterior: amosa as características típicas da arte visigoda

- **pequeno** tamaño da obra. Ácedese por **pórtico con arcos**
- Predominio do **macizo sobre o van**.
- Vemos tamén os **diferentes volumes cúbicos** que se **van escalonando** en altura ata o chan.
- O elemento máis elevado é o **ciborio cadrado e cuberto por tellado a catro augas**.
- As naves están cubertas por tellados a dúas augas.
- A **espadaña** é un engadido posterior

O resultado externo é **harmónico**

Planta. 12x18:



É unha cruz **grega (cruciforme)** inscrita nun rectángulo.

Sobresae a **ábsida rectangular** e un **pórtico** aos pés.

Pénsase que tiña varias cámaras máis (dúas cámaras aos lados do transepto das que só queda unha). Estaban relacionadas coa vida do mosteiro (habitáculos para monxes peregrinos)

Interior

É edificio **abovedado**.

É unha construción de grande sinxeleza pero cunha coidada distribución interna.

Os espazos internos están adaptados aos rituais **de procedencia oriental**



Este abovedamento é lixeiro o que facilita que non haxa necesidade de contrafortes:

Hai distintos tipos de bóvedas:

1. Nas naves, **bóvedas de canón** feitas con ladrillo
2. No ciborio hai **bóveda de aresta** (ladrillos de tipo romano, **técnica de espina de peixe**). A altura da bóveda é case o dobre da súa anchura e hai unha ventá en cada un dos lados
3. Na ábsida de **medio canón que tende á ferradura**. Esta ábsida está separada do resto por un arco de ferradura visigodo (arco triunfal)


Neste interior tamén se observan **os arcos de ferradura** (como os que vemos na imaxe baixo o ciborio), que son unha das peculiaridades máis singulares da arquitectura visigoda. Un arco de ferradura máis aberto **do que logo empregarán os musulmáns**.

Decoración

Polo que se refire á decoración_no interior é escasa, o cal é algo propio da arquitectura visigoda.

Ten:

- un **friso decorado con acios e follas**, que bordea a ábsida.
- Nas naves hai outro friso **sogueado**.
- O máis significativo é que baixo arco de triunfo hai 4 **columnas** (pareadas) de **mármore negro**, monolíticas, que teñen capiteis decorados con motivos vexetais corintios. Son moi sinxelos, excepto un que pode **ser reaproveitado romano**, o mesmo que os fustes.



A luz

Penetra a través de escasos vans como as **catro ventás** que hai en cada un dos lados do ciborio e na ábsida.

Conclusión

Este edificio é unha **boa mostra da sinxela arquitectura hispanovisigoda do VII** en bóvedas, capiteis, arcos de ferradura, decoración xeométrica ...é un dos restos mellores para poder estudar e coñecer a arte visigoda. Foi declarada monumento nacional no ano 1921. **As fórmulas arquitectónicas que aquí se empregan desenvolveranse nos séculos posteriores e en maior escala.**



Interior bóveda de aresta

--oOo--

ARTE ASTURIANA

CONTEXTO

No **ano 711 chegan os musulmáns á Península** e deixan sen conquistar un pequeno reducto: o reino asturiano no norte.

Considerábanse os sucesores lexítimos da monarquía visigoda. En Oviedo, capital, construíronse edificios residenciais e relixiosos para satisfacer a demanda da corte, polo tanto **é unha arte ligada á realeza (arte aúlica).**

Nacerá así a arte asturiana que é o precedente máis directo da arte románica.

Na **sociedade** asturiana dominaba a **nobreza, sobre todo a nobreza guerreira** que loita contra o Islam.

En **economía** salienta que a maior parte da poboación **é campesiña sometida á protección dos nobres.**

Nas artes destacarán en arquitectura:

- ✓ Faranse construcións rurais, **modestas**, nas que se fusionarán **influencias romanas, visigodas, carolinxias e orientais así como musulmanas** coñecidas a través dos mozárabes.
- ✓ Edificios **pequenos** pero de considerable **altura**
- ✓ Protagonismo do arco e a bóveda peraltada
- ✓ Orixinalísima decoración escultórica (en capiteis, fustes e celosías, medallóns..).
- ✓ Nesta arquitectura falta a rica policromía que as cubría.
- ✓ Onde sí destacou tamén a arte asturiana foi en **ourivería** con traballos excepcionais como a *Cruz dos Anxos* ou a *da Vitoira*.

COMENTARIO

OBRA: Santa María do Naranco
 AUTOR: descoñecido, encargo de Ramiro I
 CRONOLOXÍA: mediados do IX (848)
 ESTILO: arquitectura prerrománica asturiana, **período ramirense**



Estamos vendo o exterior dun dos mellores exemplos que reflicte as características da arquitectura asturiana prerrománica. Está situada na ladeira do monte Naranco en Oviedo.

Formaba parte dun **conxunto arquitectónico** para o descanso do monarca (pavillón de caza? palacete de recreo?).

O rei Ramiro (842-850) mandou edificalo e tan so queda Santa María e San Miguel.

O seu valor artístico débese tanto a calidade como a ser **o único salón real** que se conserva en Europa.

Material

O **material é pedra**, arenisca e calcaria, con sillares pequenos, **irregulares nos muros** (sillarejo) e **máis regulares nas esquinas, nos arcos e nos contrafortes**.



Exterior

- ✓ Cuberta a dúas augas
- ✓ Organizado en **tres pisos** (dous e un terceiro ficticio).
- ✓ Levantado **sobre gran zócalo** que nivela o terreo.

Fachadas

- **a norte e a sur**, as máis longas e caracterízanse por aspecto **macizo e estar percorridas por 8 contrafortes** que potencian a verticalidade. No lado norte está o único acceso ata a planta nobre e que é unha **escaleira dobre** baixo pórtico. No lado sur quedan os restos dunha posible balconada
- **leste e oeste están** as fachadas **máis curtas** onde a organización é totalmente diferente. No piso principal **ten miradores (belvederes novidosos)**. Na parte superior cunha **ventá trífora**. Alí arriba quizás sexa a **cámara do tesouro**, a función non é clara.

É un edificio **elevado, esvelto**, elegante no **equilibrio entre os elementos horizontais (como os arcos) e os verticais (como os contrafortes)**.

Planta e interior

Rectangular. É un edificio moi longo, de 20 x 6

- **Piso inferior:** Ten tres partes, nun dos laterales ten canle de auga o que fai pensar nun posible uso de **baño real. Son salas abovedadas**

- **Piso principal:** salón nobre, aula rexia: é a máis importante. ESTA É A QUE NOS PODEN POR NA IMAXE
 - ✓ A sala central ten bóveda de **canón algo peraltada** de caliza con **arcos faxóns** que rematan en ménsulas. Por fora estes arcos faxóns correspóndense con contrafortes (estamos vendo o que logo será propio do románico)
 - ✓ Nos muros **arquerías cegas**, con columnas sogueadas
 - ✓ Hai poucos vans, predomina o macizo
 - ✓ Un dos elementos máis orixinal son: **os miradores, os belvederes**, están abertos ao exterior polos tres lados. Teñen tres vans con arcos de medio punto peraltado, o central máis ancho, e columnas con capiteis corintios. No miradoiro leste hai un altar. Están separados da sala central por **parede con tres arcadas con portas**.



Bandas con medallóns nas enxutas



BÓVEDA CANON
PERALTADA DE CALIZA
CON ARCOS FAXÓN

MÉNSULAS

Arquerías
cegas

Fustes
sogueado

Elementos decorativos.
Moi importante

Arcos con tres portas
que dan ao Belvedere

É do **máis orixinal que hai no edificio**. É **decoración escultórica** que se coloca en:

1. Fustes: son sogueados
2. Capiteis: son **truncocónicos** invertidos. Neles hai figuras (aves, figuras humanas..) enmarcadas por sogueado.
3. Enxutas: colgan **bandas con medallóns**. Nas bandas rectangulares hai sogueado e decoración figurativa, baixo arquiños hai figuriñas que parecen estar cabalgando. Nos medallóns aparecen motivos animais de orixe oriental como **aves e xinetes**

Esta decoración probablemente estea inspirada **nos tecidos de orixe oriental** que chegaban á península e eran moi apreciados. **Esta fusión entre arquitectura e escultura será, co tempo, un elemento propio da arte románica**

Conclusión

Santa María é, un dos mellores exemplos da arquitectura prerrománica. É o resultado do traballo dun arquitecto de avanzados coñecementos que **achegou solucións construtivas e decorativas** que logo serán habituais no románico como:

- ✓ Bóvedas pétreas
- ✓ Arcos faixóns
- ✓ Arcadas cegas
- ✓ Contrafortes externos
- ✓ Fusión de arquitectura e escultura

IMPORTANTE

Todo isto indícanos que o seu autor **é un artista excepcional**

OBRA ELEGANTE E DE GRAN BELEZA EXTERIOR

---oOo--

ler

A arte asturiana divídese en tres períodos:

1.-Prerramireense: Afonso II (792- 842). A esta etapa pertencen a Cámara Santa de Oviedo ou San Xulián dos Prados

2.-Ramireense: época de esplendor Ramiro I (842-850): a esta etapa pertencen Santa María do Naranco, San Miguel de Lillo e Santa Cristina de Lena

3.-Postramireense: Afonso III (850- 910) desta é san Salvador de Valdedios, San Adriano de Tuñón

Caracteres arquitectura (non é necesario poñelo nos comentarios)

Construcións: igrexas e palacetes así como baños ou vilas no campo

Plantas: de tipo basilical. Con ábsidas rectangulares. Adoitan ter iconostasio en forma de barandilla. Tamen cámara secreta á que se accede desde o exterior e tribuna aos pés.

Material: mampostería e sillarejo con sillares regulares en esquinas. Son edificios pequenos pero elevados, nos que predomina o muro sobre o van

Elementos constructivos

- uso de arco de medio punto peraltado (abandonan o de ferradura)
- uso da bóveda pétreo de canón peraltada e percorrida de arcos faxóns
- uso de contrafortes, usados por primeira vez

Decoración

É moi orixinal: fustes sogados, capiteis corintios e troncocónicos....ventás con **celosía, pinturas murais...** A decoración intenta paliar a pobreza do aspecto.

A ARTE MOZÁRABE

CONTEXTO

Os árabes expandíranse pola península desde o ano 711. Os grupos que querían seguir sendo cristiáns en territorio musulmán, podían facelo, pagando. Son **estes cristiáns**, os que se denomina **mozárabes**. Moitos permanecen en Al-Ándalus e outros deciden emigrar para ocupar as terras que os cristiáns ían recuperando polo norte.

Isto explica que a arte que fan estes poboadores se chame tamén a arte de repoboación.

No século X Galicia está baixo a autoridade da monarquía astúr-leonesa e un lugar alonxado do dominio musulmán pero ao que tamén chegaron os mozárabes.

O trazo máis significativo é que estamos ante unha **arte cristiá que se alimenta de formas e técnicas musulmáns**.

A arte mozárabe recibe **unha dobre influencia: a visigoda e a musulmá**.

ARQUITECTURA

A arquitectura é a principal manifestación artística. Entre os elementos característicos podíamos sinalar os seguintes:

- ✓ As construcións son igrexas, sen fachada principal
- ✓ As plantas: basilicais e de cruz pero cun número variado de naves (1, 3) **con ábsides de ferradura no interior** e rectangulares no exterior
- ✓ E o uso de elementos constructivos como :
 - O **arco de ferradura califal**, máis pechado que o visigodo e enmarcado por unha moldura chamada **alfíz**
 - O Emprego de **bóvedas variadas**: de crucería tipo califal, gallonada, de canón, de aresta ...
 - E o uso dos **modillóns de rolo** nos tellados con aleiros moi saíntes

Entre os monumentos máis importantes destacan *San Miguel de Celanova* en Ourense, *San Cebrián del Mazote* en Valladolid e *San Miguel de La Escalada* en León, *San Baudilio de Berlanga* en Soria...

COMENTARIO

OBRA: Capela de San Miguel de Celanova

AUTOR: descoñecido

CRONOLOXIA: mediados do século X (940-942)

ESTILO: arquitectura mozárabe en Hispania (prerrománica)

UBICACIÓN: xardín mosteiro de Celanova



Todas estas características que acabamos de expoñer podemos atopalas neste exemplo que temos na imaxe. Estamos ante unha imaxe do exterior de san Miguel de Celanova

Función

Construción relixiosa: quizáis un **oratorio privado** ou unha **hospedería para peregrinos** na memoria de Froila, irmán de San Rosendo. É o que queda da construción orixinal do **conxunto monástico** fundado por San Rosendo. Está construída no recinto do mosteiro beneditino de Celanova.

Material

É construída en pedra, granito, cun aparello de gran calidade, disposto a **soga e tizón** e sen morteiro **nas xuntas, a oso**.

Exterior.

Podemos sinalar as **súas pequenas dimensións** (escala humana) e a súa **coidada aparencia** externa. Estamos a falar dun edificio de 8x3,85 e 6 metros de altura na parte máis elevado.

Podemos distinguir tres bloques ou corpos:

1. **Entrada:** cadrada e tellado a dúas augas. Sobre lintel a inscrición fai alusión a Froila
2. **Corpo central** a un nivel máis elevado, cadrada. Ten **tellado a catro augas** e un gran aleiro con modillóns. Ten **contrafortes** e **catro ventás**, estreitas e en arco de ferradura


3. **A cabeceira** ten externamente forma cadrada e un tellado a dúa augas sobre aleiro denticulado e conta cunha pequena ventá.

Hai unha única porta, no costado sur. Externamente pois **destaca o escalonamento en alturas e predominio do corpo central, propio da arte mozárabe**

Planta-interior

Estes tres corpos comentados antes, vense en planta. Teñen diferentes de anchura e altura, pero son harmónicos. Cada espazo é de diferente, aínda que todos abovedados.

- **Entrada:** pequenísima, **abovedado con medio canón**
- **Centro:** a cámara principal, cadrada, cuberta **cunha bóveda de aresta** de ladrillo.
- **Cabeceira:** cuberta por **bóveda gallonada**. É o espazo máis importante, orientado cara á luz. Ten planta de ferradura e é rectangular externamente. Parece **máis un mihrab que unha ábside cristiá.**



Estes tres espazos internos están intercomunicados con arcos de ferradura

Decoración

Rica decoración o vinculan co mundo califal musulmán:

- **aleiro voladizo apoiado en modillóns de rolo** de pedra con oito e ata dez lóbulos decorados con **rodas de radio e rosetas de seis pétalos.**
- **pavimento tamén é de mosaico** con decoración vexetal seguindo modelos **musulmáns.**

Conclusión

San Miguel, aínda que de pequeno tamaño, é unha obra **refinada, elegante, excepcional**, na que sorprende a riqueza estética de influencia árabe de todo o edificio e que se ve nos: arcos con alfiz, nos modillóns, nas ventás... Unha pequena obra que impresiona pola súa **calidade constructiva excepcional ONDE?**

- ✓ a sillería,
- ✓ as coidadas proporcións,
- ✓ as cubertas abovedadas,
- ✓ a decoración... probablemente feita por mestre vido do sur e coñecedor da arte islámica.

Estamos ante **unha excelente mostra da arquitectura mozárabe** en Galicia e da arquitectura prerrománica, con solucións que logo se empregarán no Románico.

---oo0oo---